

Concello de San Sadurniño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de setembro de 2023
Duración	Desde as 19:30 ata as 20:28 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Secundino García Casal
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	Araceli Bellas Castro	SÍ
32702634S	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32672124A	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32681357J	Raquel Piñeiro López	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ



Concello de San Sadurniño

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria de data 27 de xullo de 2023, poñéndose de manifesto por dona Belén Trigo a existencia de erros materiais nos apelidos dos membros do grupo municipal do PP.

Así, as referencias realizadas a dona Esther Trigo deben entenderse realizadas a dona Esther Díaz e as referencias realizadas a don Jose Luis Hernández deben entenderse realizadas a don Jose Luis Hermida.

A secretaria-interventora pide desculpas pola confusión.

Expediente 631/2023. Conta Xeral 2022

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Reprodúcese literalmente o ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, en funcións de Especial de Contas desta entidade, en sesión celebrada en data 22 de agosto de 2023 emitíu, o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2023, nos termos que se transcriben:

“Iníciase o punto da orde do día cunha explicación técnica por parte da Secretaría-Intervención, que desgrana o réxime normativo de obtención das diferentes magnitudes. Intervén dona María Carmen Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que sinala que se trata dun documento eminentemente técnico a través do que se obtén unha especie de foto final do exercicio 2022. Quere destacar dúas cuestións, como son o feito de que entende que se trata do reflexo dunha previsión orzamentaria axustada e responsable que ven dada pola eficiencia do equipo de goberno e que deixa unha situación económica saneada. Asemade, sinala a existencia dun proceso de mellora continua nos diferentes documentos e materias económicas e no seu proceso técnico, puidendo observarse cuestións que se van propondo e implementando para dar paso a outras propostas e se pretende seguir mellorando. Aproveita para agradecer ao persoal e o equipo técnico o traballo de fidelidade contable, posto que é un traballo que tamén resulta de axuda para a toma de decisións ao equipo de goberno.

Intervén dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, para preguntar acerca da execución de partidas do capítulo 6 no funcional 160, indicándose que proceden de modificacións de crédito en forma de incorporación de remanentes, é dicir, investimentos non finalizados no 2021 que foron traspasados a 2022. Asimesmo, fai referencia aos gastos da económica 230, indicándose que se refiren a gastos de dietas, locomoción e outras indemnizacións tanto de persoal como de membros da Corporación.



Concello de San Sadurniño

Finalmente, pregunta pola orixe dos dereitos recoñecidos no concepto 33200, indicándoselle que se trata da taxa do 1,5% de empresas prestadoras de servizos con ocupación de voo ou subsolo municipal, que se recada pola Deputación Provincial.

Pregunta dona Raquel Piñeiro polo funcionamento orzamentario da existencia dun excedente de crédito derivado por baixa de adxudicación, respostándose pola Secretaria-Interventora as diferentes posibilidades de utilización de dito crédito.

Sen producirse máis intervencións, procédese á votación do corpo do asunto, ditaminándose favorablemente por 4 votos a favor dos grupos municipais do BNG e PSOE e a abstención do grupo municipal do PP:

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2022, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, de conformidade co establecido nos artigos 112 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, das Facendas Locais, a Conta Xeral e a súa documentación complementaria debe estar a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas con 15 días soltos de antelación á celebración da sesión e que, unha vez dictaminada, procederase ao trámite de publicación e exposición pública,

A COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PLENARIOS, FACENDO AS VECES DE COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS ACORDA

PRIMEIRO. Informar favorablemente a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2022, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- O Balance.
- A Conta do resultado económico-patrimonial.
- O Estado de cambios no patrimonio neto.
- O Estado de fluxos de efectivo.
- O Estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.
- Outra documentación: Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio (non existe Caixa operativa municipal, polo que non se emite este documento), notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria, e, en caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achegarase o oportuno Estado de Conciliación, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

Cos seguintes indicadores económicos:

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA

Conceptos	Importes	
1. Fondos líquidos		1.075.456,64
2. Dereitos pendentes de cobro		654.470,11
+do orzamento corrente	0,00	
+de orzamentos pechados	654.470,11	
+de operacións non orzamentarias	0,00	
3. Obrigas pendentes de pago		143.820,68
+do orzamento corrente	0,00	



Concello de San Sadurniño

+de orzamentos pechados	45.119,90	
+de operacións non orzamentarias	98.700,78	
4. Partidas pendentes de aplicación		46689,57
-cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	2.627,27	
+pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	49.316,84	
I. Remanente de tesouraría total		1.632.795,64
II. Saldos de dudoso cobro		611.193,93
III. Exceso de financiación afectada		0,00
IV. Remanente de tesouraría para gastos xerais		1.021.601,71

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTO	DRN	ORN	AXUSTES	RESULTADO
a) Operacións correntes	2.990.919,00	2.535.777,88		455.141,12
b) Operacións de capital	191.272,65	765.596,46		-574.323,81
1. Total operacións non financeiras	3.182.191,65	3.301.374,34		-119.182,69
c) Activos financeiros				0,00
d) Pasivos financeiros				0,00
2. Total operación financeiras				0,00
I. Resultado do exercicio	3.182.191,65	3.301.374,34		-119.182,69
3. Axuste: créditos gastados financiados con RLTTG			352.160,20	
4. Axuste: desviacións de financiación negativas			160.885,32	
5. Axuste: desviacións de financiación positivas			43.584,20	
II. Total axustes			469.461,32	
Resultado orzamentario axustado				350.278,63

SEGUNDO. Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días soltos, a fin de que durante devandito prazo, quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cales, caso de presentarse, deberán ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións estímense como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].”

Intervén dona Maria Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que sinala que consta informado e debatido este asunto na Comisión Especial de Contas e reitera a súa intervención



Concello de San Sadurniño

no seo deste órgano, sinalando que dende o punto de vista da xestión municipal, á luz do resultado, foi unha xestión axeitada ás previsións municipais, sinalando que os niveis de execución do gasto foron elevados, cumprindo as dotacións orzamentarias e destacando o esforzo municipal por conseguir financiación allea. Reitera o agradecemento ao persoal municipal na actualización e mantemento contable que, en definitiva, é o que ofrece a información ao equipo de goberno para unha adecuada xestión. Reitera tamén o esforzo e compromiso dende o punto de vista político cos servizos públicos e de calidade.

Intervén don Juan Alberto Franco, do grupo mixto-PSOE, para indicar que entende que se trata dun documento técnico e que ao non existir observacións da secretaria-intervención entende que está correcto.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que sinala que nos últimos anos os expedientes de orzamentos e conta xeral chamaban cada vez máis a atención polo seu desfase e que por primeira vez obsérvase un axuste entre a conta xeral e o orzamento. Sinala que se observa un beneficio duns 300.000€ no resultado e un remanente de algo máis de un millón de euros.

Indica tamén que polo que respecta aos investimentos de capital observa que se lle reduce a partida de investimento á biblioteca nunha importante porcentaxe e que isto pode implicar que este servizo non conte con cartos para cumprir o traballo e aumentar a dotación de libros. Sinala que existe un millón de euros na tesouraría pero polo que respecta a mantemento de pistas, asfaltados, limpeza de cunetas... non están ben.

Sinala respecto do servizo do SAF que sobran 900 horas mensuais, segundo se lle respostou nun pleno a unha pregunta realizada dende o seu grupo, e existindo cartos, podería mellorarse o servizo. Tamén fai referencia á Casa da Cultura, sobre a que observa que se realizaron melloras pero considera que debería abordarse un investimento en orde á accesibilidade, xa que resulta imposible a día de hoxe que poida acceder ao edificio unha persoa en cadeira de rodas.

En resumo, sinala, trátase de pequenas cousas pero chámalle a atención que habendo cartos non se acometan.

Anuncia a abstención do seu grupo porque entenden que o documento da Conta Xeral é mellor que noutros exercicios pero entende que debería utilizarse o aforro.

Dona María Muiño intervén para agradecer á voceira do grupo municipal do PP a súa intervención e a boa valoración dos termos indicados, sinalando que respecto do referido acerca da partida de investimento da biblioteca, debe considerarse que se trata dunha partida pequena e que non toda a actividade da biblioteca vai referida a ela, senón que existe un conxunto de partidas que afectan ao servizo e deste conxunto salen os recursos da mesma. Respecto do uso do remanente, anima ao grupo municipal do PP a votar a favor das propostas de incorporación de remanentes que se presenten no Pleno, xa que considera que sería coherente con esta intervención o feito de que apoiaran a utilización do remanente cando se propoñen modificacións de crédito para asfaltados e amaño de pistas. Indica que o remanente non pode utilizarse para reforzar o servizo do SAF porque non é un investimento financeiramente sostible, como sí son as obras que se propoñen mediante incorporacións. Asimesmo, matiza que no servizo de SAF non sobra ningunha hora, sendo un servizo prioritario para o Concello que debe equilibrar a prestación dun servizo público de prestación directa de calidade co benestar laboral das traballadoras. Indica que existe un importante esforzo de prestación por tratarse dun servizo infradotado economicamente, e que non sobran horas, senón que se trata de dar o mellor servizo posible cos recursos con que se conta, existindo uns límites na contratación de persoal, xa que se trata dun servizo de prestación



Concello de San Sadurniño

directa, límites que recorda foron impostos polo PP nun momento de crise económica que resultou nun perxuízo aos servizos e aos traballadores.

Solicita, finalmente, ao grupo municipal do PP, que leven a cabo unha labor de presión alí onde teñan capacidade para unha maior dotación económica do servizo de SAF.

Dona Belén Trigo intervéen novamente para sinalar que o SAF é un servizo municipal, e que coincide con dona María Muiño en que non sobran horas, senón que son horas sen utilizar. Indica, non obstante, que ademais do SAF hai outras posibilidades de mellora, sinalando que existen expedientes que levan un ano sen empezar a tramitarse, e que esa é unha circunstancia que podería mellorarse, pois entende que parte dos retrasos de tramitación poden vir da Xunta pero en parte o retraso é na propia apertura dalgún expediente. Sinala que se se presume do millón de euros de remanente deberían considerarse as cousas que poderían mellorar con ese diñeiro.

Dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, resposta que quen sacou a colación o tema do millón de euros foi precisamente a voceira do grupo municipal do PP, e que o equipo de goberno non presume desa contía. Asemade, reflexiona acerca de que a crítica política é a propia do pleno, pero roga ser cuidadosos cando a crítica afecta ao traballo dos técnicos e traballadores municipais, indica que non son os políticos os que tramitan os expedientes, senón os traballadores, e se pregunta cómo é posible que a sra. concelleira saiba de expedientes concretos que están restrinxidos aos técnicos municipais.

Dona Belén Trigo indica que non vai contra o persoal.

Intervén don Secundino García, Alcalde, que refire que debe reconducir o debate ao punto da orde do día, que é a Conta Xeral do Concello, e neste punto sinala a oportunidade da intervención do voceiro do PSOE ao sinalar que é un documento técnico. Indica que para poder utilizar o remanente ten que aprobarse a Conta Xeral, e que non se pode gastar ou criticar a non utilización cando non se aprobou o remanente. Explica que o remanente de tesouraría só pode utilizarse para investimentos financeiramente sostibles, e que o gasto corrente non é un investimento financeiramente sostible, moi ao pesar do equipo de goberno, instando á voceira do grupo municipal do PP a preguntar aos cargos que no seu momento puxeron esta limitación ao seren da súa formación política.

Sinala que o SAF préstase directamente polo Concello e que o persoal está na RPT cunhas condicións aceptables no que respecta a este sector laboral, e que rematado o proceso de estabilización todo o persoal é xa fixo. Indica que as horas de atención á dependentes e valorados é unha competencia autonómica delegada aos Concellos, delegación que no seu momento se fixo coa previsión de que a financiación fora completada con fondos do Estado, pero que esa previsión non se cumpriu, e cantas máis horas de atención concede a Xunta, máis grande é a brecha entre o financiado e o costeadado, máis recursos debe destinar o Concello dos seus fondos xerais a cubrir este servizo. Sinala que se está a negociar o aumento do custo da hora, xa que actualmente os Concellos que teñen externalizado o servizo estanse atopando con importantes dificultades debido a que as empresas contratadas renuncian aos contratos por non ser asumibles os importes. Isto, indica, súmase a outros servizos de competencia autonómica coma a Escola Infantil, que por unha banda se declara gratuita pola Xunta pero por outra banda quen a costea é o Concello cos recursos de todos os cidadáns.

Finaliza sinalando que o equipo de goberno non presume de que haiba un remanente determinado, senón que dende o goberno municipal presumiuse sempre do rigor na xestión dos recursos que son de todos, e de desmentir os comentarios falaces acerca de que se está arruinando ao Concello, que estima pódense rescatar da hemeroteca.



Concello de San Sadurniño

O Sr. Alcalde da por finalizado o debate do asunto da orde do día e somete a votación o corpo da proposta, adoptándose por 8 votos a favor dos grupos municipais do BNG e do PSOE e 3 abstencións do grupo municipal do PP os seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2022.

SEGUNDO. Remitir a Conta Xeral xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (*e órgano autonómico*), tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Expediente 456/2023. Xulgado de Paz - nomeamento Xuiz de paz

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, para sinalar que o asunto foi debatido na Comisión Informativa, na que se produciu unha proposta unánime que se somete a acordo plenario.

Os voceiros dos restantes grupos municipais están de acordo con esta apreciación.

Sen producirse debate, sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por unanimidade dos presentes, que conforman a maioría legal do Pleno da Corporación, o seguinte:

Visto que no mes de xullo de 2023 finalizaba o prazo dos cargos de Xuiz de Paz, titular e substituto.

Considerando que se remitiu ao *Boletín Oficial da Provincia*, o Bando de Alcalde deste Concello, polo que se abría período de presentación de instancias para cubrir os cargos de Xuiz de Paz, titular e substituto, no Municipio. Sendo exposto o Bando en o *Boletín Oficial da Provincia de data 10 de xullo de 2023*, e no taboleiro de anuncios do Concello,

Considerando que finalizou o prazo de presentación de solicitudes, emitiuse informe pola Secretaría - Intervención, considerando que das catro solicitudes presentadas, tres de elas son elexibles pero unha incurre en prohibición do artigo 389.6 da Lei Orgánica do Poder Xudicial 6/1985.

Así, entre as tres solicitudes válidamente elexibles, procédese a considerar o feito de que existe solicitude de reelección por parte tanto da actual xuíz de paz como da sustituta, considerándose a este respecto que as labores de xuíz de paz estanse levando con normalidade e a enteira satisfacción do persoal adscrito ao Xulgado de Paz, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte

ACORDO



Concello de San Sadurniño

PRIMEIRO. Designar a Dona Patricia Calvo Hermida con NIF ****9146*-* , domiciliada en San Sadurniño, de profesión Educadora Ambiental, como Xuíz de Paz titular e a Dona Lucía Villares Piñón, con NIF ***7951*-* , domiciliada en San Sadurniño, de profesión Técnica de PRL como Xuíz de Paz substituto.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial [ou, se houber varios, ao Decano], que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz)

Expediente 365/2023. POS AD+ 2/2023 Gasto Corrente

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Procédese inicialmente á votación da ratificación da inclusión na orde do día do asunto de referencia conforme ao sinalado no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/2023 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ratificándose por unanimidade.

Por dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, sinalase que se trata da ratificación do Decreto de Alcaldía de solicitude do importe de gasto corrente do POS+AD2/2023, distintos do Plan Base.

Os voceiros dos restantes grupos municipais sinalan que non teñen nada que obxetar.

Sometido a votación o asunto da orde do día, adóptase por unanimidade o seguinte ACORDO:

Visto que con data 22 de setembro de 2023 dítase Decreto de Alcaldía número 544/2023, polo que se solicita da Deputación Provincial de A Coruña a participación do Concello de San Sadurniño na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023”, así coma outros extremos,

Visto que dita Resolución foi adoptada en orde á economía administrativa que ven dada polo feito de que a data final de presentación da documentación correspondente é o 28 de setembro de 2023 ás 15:00 horas, é dicir, apenas catro horas e media antes da sesión ordinaria plenaria do mes de setembro, e que de non proceder deste xeito suporía a convocatoria dunha sesión extraordinaria específica para este único punto da orde do día cunha mínima antelación á sesión ordinaria, o que resulta contrario a un mínimo organizativo-administrativo e económico,

Visto o informe de secretaría-intervención 105/2023 de data 17 de xullo de 2023, que pódese entender reproducido aquí,

O Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:



Concello de San Sadurniño

PRIMEIRO.- Refrendar o Decreto de Alcaldía 544/2023 de data 22 de setembro co seguinte contido que é asumido polo Pleno da Corporación:

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Acordo Pleno Ordinario do Concello de San Sadurniño sobre solicitude POS+ 2023	09/02/2023
Acordo plenario Diputación de A Coruña aprobación POS 2023	26/05/2023
Circular POS+2023	Xuño 2023
Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2023 para Gasto Corrente e investimentos sostibles por maior achega provincial.	Xuño 2023
Resolución da Alcaldía	422/2023 do 10 de xullo 2023
Circular sobre aprobación da 1ª Fase do POS ADICIONAL 2/2023	Agosto 2023

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2023**” da Deputación Provincial da Coruña*,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	188.745,50 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Deputación	Financiamento dos investimentos			Orzamento total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
		Achega municipal			



Concello de San Sadurniño

TOTAL

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Deputación	Achega municipal	Financiamento dos investimentos Concello		Orzamento total
			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	

TOTAL

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello		Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	188.745,50 €			188.745,50 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023				
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023				
TOTAL	188.745,50 €			188.745,50 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios



Concello de San Sadurniño

para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

SEGUNDO.- dar traslado do acordo, mediante certificación da Secretaría, á Deputación Provincial en orde ao cumprimento da obriga formal de que sexa o Pleno da Corporación o que acorde a solicitude da subvención.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta remisión información Ministerio de Facenda

Non se realizan intervencións

Dación de conta Decretos de Alcaldía do 448/2023 ao 549/2023

Non se realizan intervencións

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Moción de urxencia do grupo municipal do BNG sobre transporte

Introdúcese por urxencia unha moción do grupo municipal do BNG, producíndose inicialmente a defensa e votación para a procedencia do seu debate conforme ao artigo 91.4 do



Concello de San Sadurniño

Real Decreto 2568/2023 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Como voceira do grupo propoñente, dona María Muiño sinala que existe unha lamentable situación de transporte público en todo o país e concretamente na comarca e territorio de San Sadurniño. Sinala que a urxencia ven dada polo momento puntual do ano, o mes de setembro, en que dan comezo os cursos escolares e o traslado de estudantes, especialmente de estudos postobrigatorios, que teñen unha dificultade enorme de transporte que implica unha desigualdade no acceso a estes estudos.

Intervén don Juan Alberto Franco, do grupo mixto-PSOE, quen sinala que na súa opinión a mellora dos servizos públicos sempre é urxente

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que sinala que van votar en contra da urxencia porque consideran que este tema ven sendo publicado nos últimos días nas redes sociais polo Concello e cren que, en consecuencia, podería ter sido incluída na orde do día, xa que segundo observan, o BNG anunciou a presentación deste tema en tódolos Concellos, logo era algo previsible. Ademais, indican que se trata dunha cuestión que xa foi debatida no Pleno.

Sometida a votación a procedencia do debate, apróbase a inclusión da moción na orde do día por 8 votos a favor dos grupos municipais do BNG e Mixto-PSOE e 3 votos en contra do grupo municipal do PP.

Toma a palabra dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que sinala que esta moción en concreto é a primeira vez que ven e que a noticia en redes mencionada é do día de onte, o de presentar a moción nos diferentes Concellos, sendo que por este motivo non se puido integrar na convocatoria. Asimesmo, dirixíndose á voceira do grupo municipal do PP, sinala que igual que está atenta ás redes sociais para coñecer este extremo entende que tamén estará ao corrente das incidencias existentes en materia de transportes.

Sinala que non é unha problemática nova, pero cre que o deber é ser perseverante, e reclamar que o diñeiro que se gasta na concesionaria do servizo de transporte sexa para un sistema de transporte público de calidade e non para beneficio da empresa, que debe estar atento ás incidencias existentes, mencionando entre outros o transporte escolar, o 065, o transporte interurbán que fai de enlace... Indica que hai liñas que non cumpren coa súa función por horario ou percorrido, concretando que, por exemplo, a liña de Vilalba-Ferrol vai por autovía e provoca que haxa xente entre medias que está pagando privadamente para poder facer parte dese traxecto ao non derivarse a liña fora da autovía; asimesmo sinala que o percorrido desta liña polo traxecto actual non permite o uso por estudantes. Sinala que a resposta que obteñen cando preguntan na Xunta é que ao tratarse de alumnado de estudos postobrigatorios non é posible cambiar o traxecto e que este foi sempre así, non existindo obriga de facilitar este transporte ao tratarse de estudos postobrigatorios, concluíndo a Sra. Concelleira que esta resposta equivale a considerar que dependendo de onde viva a persoa ten facilidade de acceso á formación ou non, o que non lle parece aceptable. Sinala tamén outras liñas de conexión que, polo horario en que se desenvolven, non resultan de utilidade para usuarios que teñan que chegar a un horario determinado, como estudantes ou traballadores.

Dase lectura á moción por parte da Concelleira, que se transcribe literalmente:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

Desde o BNG sempre acreditamos que o transporte colectivo de carácter público – baseado sempre no seu carácter inclusivo para todas as persoas usuarias- é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén un labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.



Concello de San Sadurniño

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ao fío da instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica. Este novo plan de transporte está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza. Este último plan de transporte de Galiza deixa fóra moita da poboación da comarca que este plan de transporte non ten nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Unha situación que deriva dos evidentes incumprimentos por parte da adxudicataria MONBUS, mais tamén da complicidade da Xunta; como responsábel da adxudicación do servizo e garante das cláusulas que se explicitan nos mesmos. E cómpre lembrar que, para o desenvolvemento do transporte metropolitano na nosa comarca, asinouse un convenio hai dous anos –que deriva nunha importante aportación económica por parte dos concellos- no que se expresa coma un dos obxectivos fundamentais “...proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento de mobilidade sostible...”. Nada máis lonxe da realidade... Lonxe do cumprimento dos obxectivos fixados no convenio resulta totalmente caótica: incumprimento de horarios e itinerarios, insuficiencia e malas condicións dos medios utilizados, carencias de persoal, etc.... Unha situación que levamos aturando desde hai tempo, e dun xeito indecente desde que a Xunta procedeu á nova adxudicación ao monopolio que representa a empresa MONBÚS; e que está a ser denunciada desde diversos colectivos e institucións, sen que se producise mellora algunha das deficiencias comentadas.

Con este panorama, resulta evidente que os obxectivos que se concretan no convenio asinado vai para dous anos —no que os concellos achegan en cada anualidade 2021-2024 máis de 350.000 euros- están a incumprirse por parte da Xunta, que é realmente a que tén que velar porque a/s empresa/s adxudicataria/s cumplan os seus contratos que, entendemos, deberían responder ao contido do convenio asinado cos concellos.

Este último plan de transporte de Galiza, ademais deixa fóra moita da poboación da comarca, á que o plan e os seus responsables non teñen nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Neste contexto, e atendendo á defensa dos intereses das persoas usuarias e tamén á transparencia e obxectividade no referente ao destino dos fondos municipais que os concellos están a dirixir ao cumprimento do convenio, e tendo presente a realidade dos concellos rurais, así como a lexislación competencial e o actual sistema de financiamento municipal, solicitamos do Pleno do Concello a adopción dos seguintes



Concello de San Sadurniño

ACORDOS

Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, aacorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaidamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, noemadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocados pola delegación do Concello de Ferrol"

Intervén don Juan Alberto Franco, do grupo mixto-PSOE, que sinala que a cuestión do transporte sempre é difícil en Concellos afastados dos núcleos máis grandes de poboación, pero que entende que sempre é correcto pedir ás administracións competentes a mellora dos servizos públicos, para estudantes e para a poboación en xeral.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que sinala que esta cuestión xa veu a algún Pleno e se falou do Plan de Transportes de Galicia, que tivo un prazo de alegacións e propostas no que o grupo que representa presentou escritos que reflexaban boa parte do que figura na moción que se presenta, sendo especialmente incisivo no tema dos horarios. Na súa opinión, no proceso de redacción do Plan non se fixo forza nin se presentaron alegacións e cre que non é axeitado tentar agora a modificación unha vez aprobado. Sinala que o seu grupo, no momento procedimental oportuno, alegou polo tema dos horarios laborais e escolares, e reflexiona acerca da situación existente cando era nena e tamén tiña que desprazarse polos seus medios ao instituto. Finaliza sinalando que tamén se solicitou no seu momento que o transporte de autobús fora gratuito ata os 16 anos.

Puntualiza don Secundino García, alcalde, que xa é gratuito ata os 21 anos, pero sempre que haxa transporte.

Continúa dona Belén Trigo anunciando o voto en contra do seu grupo porque consideran que esta petición tiña que facerse antes, durante a tramitación do Plan, e que o PP sí presentou documentación onde ían moitas das cousas que se sinalan na moción.

Intervén dona María Muiño, do BNG, sinalando que si ben o Plan está aprobado, é mellorable, e que actualmente existe unha concesión do servizo na que se dan circunstancias tales como que se trampean datos, non hai medios para atender a demanda e danse situacións como que o reforzo dunha liña supón a retirada de buses de outra. Indica que foron a Mobilidade para pedir un cambio de horario e itinerario fora da autopista que puidera anteder a usuarios de poboacións intermedias pero que a resposta foi a que xa sinalou, que non existía obriga de facilitar o transporte porque eran estudantes postobrigatorios. Indica tamén que o responsable da concesión ao que está atado o servizo é a Xunta de Galicia.

Incide en que non considera suficiente dicilo unha vez, sinala o caso concreto que dende Ortegal a Ferrol non existe liña de autobús, e que resulta indiferente que sexa gratuito se o servizo non existe. Indica que fronte á resposta dada de que non existe obriga de facilitar o transporte para estudos postobrigatorios a súa consideración é que se trata dun contrato que se financia con diñeiro público e debe facerse de tal modo que sirva ao público.

Finalmente, indica que esta cuestión será prantexada ao pleno tantas veces como faga falta ata



Concello de San Sadurniño

que se solvente a cuestión, recalcando que deben mercarse os autobuses necesarios e cumprir os quilómetros comprometidos na concesión.

Intervén don Secundino García, Alcalde, quen sinala que as alegacións mencionadas pola voceira do grupo municipal do PP tiveron pouco éxito ao tenor do plantexamento final do Plan. Reflexiona que en toda Galicia, principalmente as zonas rurais, a mobilidade é un desastre. Destaca que os tribunais teñen "tumbado" concesións, hai altos cargos imputados... menciona a liña discrecional Moeche-Somozas-As Pontes, que ten un horario ás 11:00 da mañá e que vai sempre baleiro porque é unha hora que non resulta útil a usuarios estudantes ou traballadores. Tamén sinala que de As Pontes a Ferrol o único itinerario é por autovía e vai tamén baleiro deixando sen servizo as poboacións intermedias. Reseña que nun país moderno a mobilidade ten que ser funcional, para traballar, para estudar, para lecer...

Indica que non serve de nada anunciar a gratuidade do transporte público para menores de 21 anos no periódico cando hai quen non ten servizo, nin gratuito nin de pago, e que a solución que propón a Xunta de Galicia e que se fagan cargo os Concellos deste custo e deste servizo, o que lle parece unha solución inaceptable.

Rememora as mobilizacións que tiveron lugar reclamando fronte as consecuencias de facer un CPI en San Sadurniño, xa que se requería un Instituto, porque agora o centro de referencia ao que está asociado ese CPI é Neda e non hai transporte escolar para trasladar aos nenos ao centro que lles corresponde.

Intervén dona Belén Trigo sinalndo que cando ela estudou non existía CPI en San Sadurniño e tivo que desplazarse a Narón.

Resposta don Secundino García que hai que evolucionar, que a intención debe ser mellorar e non pode aceptarse quedar co que había antes.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día adoptándose por 8 votos a favor dos grupos municipais do BNG e Mixto-PSOE e 3 abstencións do grupo municipal do PP os seguintes ACORDOS:

"Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, aacorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaidamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, noemadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocados pola delegación do Concello de Ferrol"

Rogos e preguntas

Por D. Jose Luis Hermida pregúntase cando se vai limpar o camiño da Bidueda. D. Secundino García, Alcalde, sinala que trátase da pista principal de Cornide e que está tramitándose o contrato de aglomerado do mesmo, que limpará a beira do camiño. Indica que



Concello de San Sadurniño

hai máis ou menos un mes ou mes e medio que se limpou, pero a herba medra. Asimesmo, indícalle ao concelleiro que hai máis vida máis aló do camiño da Bidueda, e destaca que se trata de zona urbana e que os titulares dos solares deberían coidar que a maleza non invada a vía pública.

D. Jose Luis Hermida sinala que a fonte e o camiño do Muiño a limpou él.

Por dona Esther Díaz pregúntase o estado das obras da antiga escola de Igrexafeita.

D. Secundino García, alcalde, sinala que están paralizadas porque a empresa deixou de traballar e está un procedemento pendente de ditame do Consello Consultivo.

Por dona Esther Díaz pregúntase polas obras do patio infantil do CPI.

D. Secundino García, Alcalde, sinala que van a bo ritmo, que o prazo de execución era pequeno porque pretendía realizarse durante as vacacións escolares, en que deu tempo a desmontar todo e estase xa coa montaxe nova. Indica que probablemente a semana que ven estará xa para usar e que esta circunstancia xa se tratou coa dirección do colexio, xa que os tempos legais de contratación non permitían acelerar o comezo da obra.

Intervén dona Raquel Piñeiro, do grupo municipal do BNG, quen sinala que nun recente Consello Escolar explicouse a existencia dun pequeno retraso na obra derivado de que a primeira licitación quedou deserta e déuselles a data do 10 de outubro como prazo de finalización, sendo que seguramente remate antes, marcándose un espazo alternativo para o esparcemento dos pequenos.

Dona Esther Díaz indica que realiza esta pregunta en sede plenaria por tratarse dun acto público do que poden obter noticia pais e nais que ao mellor non están ao día do tratado no Consello Escolar.

Finalmente, don Secundino García, Alcalde, quere deixar constancia de que se trata dunha obra que debería facer a Xunta pero a está realizando o Concello, xa que a educación é competencia autonómica.

Por dona Belén Trigo sinalase que o día 20 de setembro veu na páxina web do Concello unha nova sobre a sinatura de contratos das traballadoras de SAF e pregunta sobre dúas prazas cuxos procesos están sen rematar; oficial de maquinaria e administrativo/a de secretaría, sinalando que a primeira ven dunha ampliación de OEP de outubro de 2021, que está realizado o primeiro exame e parado o proceso e a segunda só ten publicado o listado de admitidos.

Por don Secundino García, Alcalde, sinala que é a primeira noticia que ten de que un proceso estea paralizado, considerando que dende que se inicia o proceso é o tribunal o que marca o ritmo, non o Concello, e son traballadores doutras entidades que téñense que poñer de acordo para poder coincidir.

Intervén don Manuel Varela, do grupo municipal do BNG, que indica que, precisamente ao fío da noticia que indica a voceira do PP, quere precisar que dende o equipo de goberno están moi satisfeitos polo desenvolvemento do longo proceso de estabilización, que afectou a moitas prazas e está practicamente finalizado. Indica que é un proceso complexo, que foron diferentes tribunais, cada un con persoas distintas, xente que ten vacacións, que ten o seu traballo, diferentes circunstancias que non fan doado xuntar un día que coincida, e que foi moi complicado, pero que non moitos Concellos están na situación de San Sadurniño.

Reitera dona Belén Trigo que o posto de oficial de maquinaria é unha ampliación de oferta de 2021.

Sinala don Secundino García que, polo tanto, non é unha praza de estabilización senón unha praza libre.

Indica dona Belén Trigo que a convocatoria da praza de administrativo/a de secretaría indica a



Concello de San Sadurniño

urxencia da cobertura.

Resposta don Manuel Varela que a praza de administrativo/a de secretaría está en prazo de desenvolvemento e que hai que ter en conta que hai prazas de moita complexidade e o tribunal ás veces é alleo ao Concello. Que, en todo caso, ambos procesos están en prazo.

Pregunta dona Belén Trigo por unha modificación de crédito na que se saca un importe dunha praza de persoal para educación.

Dáselle a palabra á Secretaria-Interventora, quen explica que a dotación orzamentaria das prazas de persoal debe realizarse con carácter anual de conformidade coa plantilla, pero se esas prazas non están ocupadas, o transcurrir do tempo fai que exista crédito excedente, correspondente ás nóminas que non se deñaron por non existir cobertura. Prantexa a Secretaria-Interventora se se trata da praza de administrativo/a de secretaría ou de ADL. Indica dona Belén Trigo que na xustificación da modificación sinálase que o proceso non estaba comezado e fai referencia concreta á praza de administrativo/a de secretaría.

A Secretaria-Interventora indica que, efectivamente, é o suposto indicado, unha orzamentación anual total da praza da que se pode facer uso dos créditos que tiveran correspondido aos meses en que no está ocupada.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

